

# 25º ANIVERSARIO DA OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

## #25vozes

Oficina de Cooperación  
e Voluntariado Universidade  
da Coruña



# #25 VOCES

## **Coordinación e organización**

Vanessa Míguez Martín, Lorena Rilo Pérez e Jose Jesús Cendán Verdes.

## **Publicación**

Servizo de Publicacións da UDC.

## **Textos:**

Martín Rodríguez Castro, Andrea Otero Montoto e Vanessa Míguez Martín.

## **Deseño e maquetaxe:**

Martín Rodríguez Castro

## **Impresión:**

**Edita:** Servizo de Publicacións. Universidade da Coruña 2022

<[www.udc.gal/publicacions](http://www.udc.gal/publicacions)>

© da edición, Universidade da Coruña

© imaxe de cuberta,

© gráfico encartado,

© dos gráficos,

© dos textos, as súas autoras

Número de páxinas: 30

29.7 x 21 cm

URL permanente: <http://hdl.handle.net/2183/30852>

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.000007>

Depósito legal: C 1066-2022

IBIC/Thema: JFF | RPC | AMVD|JKS|1DSEL



# ÍNDICE

HELENA MALENO	5
MALALA YOUSAFZAI	6
ÓSCAR CAMPS	7
HAYDÉE CASTILLO FLORES	8
SANI LADAN	9
LALEH OSMANY	10
NADIA MURAD	11
MOHA GEREHOU	12
LUIS JORGE RIVERA HERRERA	13
BERTA ZÚÑIGA CÁCERES	14
NEMONTE NENQUIMO	15
WENDY BEATRIZ CAISHPAL JACO	16
VANESSA NAKATE	17
EVARISTE MFAUME	18
EVELINA CABRERA	19
LEILANI FARHA	20
MARIA ALEKHINA	21
EMMA GONZÁLEZ	22
AMIKA GEORGE	23
JEONG YOL	24
QUDUS ONIKEKU	25
STÉPHANIE BATINONO	26
BROCK ISAAC MUHAMBYA	27
YAYO HERRERO	28
VANDANA SHIVA	29

# INTRODUCCIÓN

Nestes máis de 25 anos de traballo da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña foron moitas as iniciativas e o esforzo encamiñado a estimular a participación solidaria da comunidade universitaria a través de propostas, tales como bolsas para estadías en proxectos de cooperación, convocatorias de axudas en educación ao desenvolvemento, premios etc., así como aquelas outras que estimulan a organización de eventos e/ou a investigación nas anteditas materias. Nos últimos oito anos incorporamos a metodoloxía de aprendizaxe e servizo, en constante crecemento e coa estreita colaboración do CUFIE, o cal permitiu a centos de estudantes colaboraren e coñeceren de primeira man entidades da súa contorna e iren sementando o xermolo dunha cidadanía con conciencia crítica que sempre foi o obxectivo principal da OCV. Especial relevancia tiveron –e teñen– os centos de voluntarias e voluntarios que ao longo deste camiñar axudaron a construír unha sociedade máis xusta e acompañaron a persoas e colectivos desfavorecidos e vulnerables da nosa sociedade. Tamén as organizacións e institucións con que colaboramos na organización de eventos e que se sumaron a este ilusionante proxecto. A OCV estivo á altura dos acontecementos e conseguiu continuar ofrecendo canles de colaboración nos anos máis duros que nos tocou vivir coa pandemia. Anteriormente, ante outros sucesos históricos da nosa terra, caso do afundimento do Prestige, coordinou o voluntariado que dende cada recuncho do Estado español chegaba ás nosas costas para limpar o chapapote.

Durante toda a nosa traxectoria sentimos o apoio de todas as persoas que formaron e forman parte desta apaixonante historia de 25 anos. Todas sodes parte da OCV. Con esta publicación, quixemos visibilizar as vidas de 25 persoas que desde diferentes ámbitos loitan cun denominador común: os dereitos humanos. Son activistas que non caeron na indiferenza que moitas veces afoga a obrigada resposta ante a inxustiza social.

# LIMIAR

## ESPAZO PARA A SOLIDARIEDADE

Podémonos prezar de que a Universidade da Coruña conte, case desde a súa primeira hora, cun espazo configurado para canalizar as inquiredanzas solidarias tanto do estudantado como do persoal.

Nos vinte e cinco anos transcorridos desde a súa creación, a Oficina de Cooperación e Voluntariado nutriuse das enerxías de moitos membros da comunidade universitaria máis dispostos a dedicaren parte do seu tempo a participar en tarefas de voluntariado no contorno máis inmediato ou a implicarse en proxectos de cooperación para o desenvolvemento.

O traballo discreto e eficaz da OCV execútase alí onde máis se precisa da solidariedade activa, alí onde perde sentido o “boísmo” retórico e só contan as accións concretas entre persoas e colectivos vulnerables ou en zonas xeográficas onde se precisa colaboración para mellorar as condicións de vida dos seus habitantes.

Somos unha universidade e, daquela, forma parte da nosa misión esencial a educación e a formación en valores. Sendo esta unha condición esencial e transversal, resulta imprescindible contar cun centro difusor e promotor da solidariedade e da cooperación, un verdadeiro axente para mentalizar e incentivar a participación de toda a comunidade universitaria. Ese é o loable labor que vén facendo a Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC desde hai un cuarto de século.

Con esa idea de concienciación, divulgación e tamén de recoñecemento, as páxinas que seguen van repletas de biografías difíciles, de referentes exemplares pola súa dedicación, a súa loita e o seu sacrificio en defensa dos dereitos humanos. Un abano de faros cos que orientar o traballo da OCV para, cando menos, os vindeiros vinte e cinco anos.

Julio Abalde



Julio Abalde. Reitor da Universidade da Coruña



# CAMINANDO FRONTERAS

HELENA MALENO  
Caminando fronteras  
España

“Deixar morrer persoas dá cartos, deixar sufrir dá cartos e escravizar dá cartos”

Helena Maleno, incansable na defensa dos dereitos das persoas migrantes, atesoura unha gran cantidade de premios polo seu traballo, dos que destacamos o Premio Woman of Courage Award 2021 do United Nations Anima (UNANIMA), o Premio Nacional de Periodismo 2018 da Asociación Pro Derechos Humanos de España, o Premio Dereitos Humanos 2014 da Unión Progresista de Fiscais ou o Premio Dereitos Humanos 2015 do Consello Xeral da Avogacía Española.

Fundadora da organización Caminando Fronteras, sufriu un grave episodio de persecución xudicial polo seu traballo como activista no auxilio das persoas migrantes que tratan de chegar ás nosas costas a través de pateras, e foi investigada polos gobernos marroquí e español, mais resultou finalmente absolta dos cargos de tráfico de migrantes, logo das acusacións que foron urdidas para criminalizar o seu labor humanitario, que salvou milleiros de vidas ata o momento.

No ámbito do asesoramento en dereitos humanos, traballou como consultora independente para Women's Link Worldwide, Save the Children e CEAR. Como xornalista, é autora do blog «Pandoras Invisibles», na web de Periodismo Humano, do documental Frontera Sur e coguionista do documental En el camino, producido por Save the Children. É autora tamén do libro Mujer de frontera. Defender el derecho a la vida no es un delito (Península, 2020).

[máis información](#)

# MALALA

## FUND

MALALA YOUSAFZAI  
Malala Fund  
Paquistán



“Un neno, un profesor, un libro e unha pluma poden cambiar o mundo. A educación é a única solución”

Malala Yousafzai é coñecida polo seu activismo a favor dos dereitos civís, especialmente os dereitos das mulleres en Paquistán, onde o réxime talibán prohibiu que as nenas asistan á escola. A revista Time considerou a Malala como unha das “100 persoas máis influentes do mundo” durante tres anos consecutivos. Foi a primeira gañadora do Premio Nacional da Paz da Xuventude que agora leva o seu nome.

Tamén se dirixiu ao pleno da Asemblea das Nacións Unidas para solicitar o acceso á educación en todo o mundo, e ao Goberno de Canadá, a través do seu parlamento, que lle outorgou a cidadanía canadense de honra. En 2014 foi galardoada co World’s Children’s Prize en Suecia e foi investida doutora honoris causa pola Universidade do King’s College. Ese mesmo ano anunciouse que Yousafzai fora recoñecida co Premio Nobel da Paz, xunto con Kailash Satyarthi, pola súa loita contra a supresión dos dereitos de nenos e mozos á educación.

Malala converteuse nun símbolo internacional da loita pola educación das nenas despois de ser disparada en 2012 por opoñerse ás restricións dos talibáns á educación das mulleres no seu país natal. Axiña se deron noticias do ataque en todo o mundo e os medios de comunicación fixéronse eco da noticia. Sobreviviou, despois de varias operacións e dun período de rehabilitación, mais os terroristas volveron ameazala. Non obstante, isto non a amedrentou, senón que continuou o seu férreo activismo ata hoxe.

[máis información](#)



## ÓSCAR CAMPS

Proactiva Open Arms  
España

# “Os que pagan por cambiar os fluxos migratorios son os Estados e iso si é tráfico de persoas”

Òscar Camps Gausachs, activista, empresario e socorrista español, é o fundador e director da ONG Proactiva Open Arms. Foi nomeado Europeo do Ano 2019 pola revista estadounidense Reader's Digest en recoñecemento ao seu “gran labor humanitario, tras rescatar máis de 59.000 migrantes das augas do Exeo e do Mediterráneo nos últimos tres anos e medio”. Tamén foi galardoado co Premio Catalán do Ano en 2015.

Open Arms é unha organización humanitaria sen ánimo de lucro, nongubernamental, que ten como principal misión protexer a vida dos máis vulnerables en situacións de emerxencia. Nace como unha empresa de primeiros auxilios e salvamento marítimo con máis de 20 anos de experiencia nas costas do territorio español. En 2015 comezaron a presenciar a través das redes sociais o que pasaba no Mediterráneo e no Exeo. Ofrecerá a súa axuda por escrito a todos, pero ninguén responde. Coa morte de Aylan Kurdi, da mesma idade que o seu fillo pequeno (3 anos), decide marchar co seu compañeiro Gerard Canals, e 15.000 euros que tiña aforrados, ao norte de Lesbos.

Pouco despois de chegar xa estaban na auga rescatando xente. Uns días despois apareceu alí a Coordinadora de Emerxencias de Human Rights Watch recomendándolles crear unha ONG e unha campaña de micromecenado. Así foi como naceu Open Arms.

[máis información](#)





## HAYDÉE CASTILLO FLORES

Instituto de Liderazgo de las Segovias  
Nicaragua

“Cada nicaraguano que quiere un cambio ten que facer a súa achega. Non esperar nin delegar na cidadanía.

Haydée Castillo é licenciada en Ciencias Sociais e titulada no Máster en Integración e Desenvolvemento. Fundadora da Fundación para o Desenvolvemento da Muller e a Infancia e membro da Iniciativa Nicaraguana de Defensores dos Dereitos Humanos. Actualmente é membro activo do Consello Político de Unidade Nacional Azul e Branca, en cuxa fundación tamén participou, e que naceu a petición dos movementos autoconvocados do pobo nicaraguano na rebelión popular de abril de 2018.

Foi unha destacada líder xuvenil da Fronte Sandinista de Liberación Nacional que acabou coa ditadura somocista en Nicaragua a finais da década dos noventa. Cada un dos sucesivos gobernos de Daniel Ortega decepcionouna máis, ata converterse nunha activista incansable tanto da oposición como das filas do feminismo e dos movementos sociais nicaraguanos.

Antiga asesora do Defensor do Pobo de Dereitos Humanos de Nicaragua antes do réxime de Ortega e do Consello Asesor da Sociedade Civil das Nacións Unidas en Nicaragua, viuse obrigada ao exilio.

Ex-presca política, en outubro de 2018 a Fundación Instituto de Liderazgo de Las Segovias, organización de defensa dos dereitos humanos da que Castillo é presidenta e fundadora, foi ocupada por paramilitares como represalia.

[máis información](#)



**SANI LADAN**

Asociación Elín. Encuentros sin fronteras.

Camerún

## “Non hai valado nin muro que conteña o soño e a esperanza”

Sani Ladan é un activista de orixe camerunesa, especialista en migración e defensa dos dereitos humanos. Sani é actualmente o vicepresidente da Asociación Elín. Encuentros sin fronteras (Ceuta), centrada no recoñecemento dos dereitos humanos, a procura da xustiza e a protección dos dereitos das persoas migrantes.

Estudante de Relacións Internacionais na Universidade Loyola (Andalucía), viviu unha odisea que case lle custou a vida cando, con 15 anos, decidiu abandonar o seu país natal para perseguir o seu soño de ir á universidade. Cruzou a fronteira a nado por Ceuta, polo Tarajal, aínda que chegou á beira inconsciente polos golpes que recibiu na cabeza por parte da policía marroquí e os disparos das balas de goma da garda civil. Tras o seu paso polo CETI, foi trasladado ao CIE de Tarifa, onde permaneceu o máximo tempo posible, 60 días. Sami tamén é mediador intercultural, responsable dun centro de acollida de refuxiados na asociación Espacios Berakah (Sevilla) e membro do Consello de Desenvolvemento Sostible no ámbito da gobernanza na Axenda 2030 en España. “Que saiban os migrantes que é posible facelo. E os de aquí que culpan da crise en África aos nosos presidentes, que Thomas Sankara, Patrice Lumumba, Nkua-me Nkruma foron oprimidos por opoñerse ao ditado de Occidente. A revolución xuvenil africana debe ser intelectual e horizontal. Emprendedores, de dentro e da diáspora, estamos a conectarnos e se Mandela, despois de 27 anos de prisión, viu caer o apartheid, lograremos que Europa, cuxo benestar bebe do noso gas, uranio e coltan, nos trate de ti a ti, con respecto.”

[máis información](#)



## LALEH OSMANY #WhereIsMyName? Afganistán

“Todos temos algunha responsabilidade para tentar facer do mundo un lugar mellor. O cambio é difícil, mais non imposible”

Nunha sociedade firmemente patriarcal como a de Afganistán, as mulleres adoitan identificarse publicamente polos nomes dos seus parentes masculinos, pola súa identidade derivada da súa relación cos homes, que son vistos como os seus donos.

As mulleres afgás viven a súa vida como filla, irmá ou muller de alguén e moitas veces non teñen identidade propia. Cando as nenas nacen, algunhas familias tardan semanas en darlles un nome; cando unha muller casa, nin sequera se menciona o seu nome nas invitacións de voda; se está enferma, o seu nome tampouco aparece nas receitas médicas; e cando morre, o seu aviso de morte e a lápida levan o nome do seu marido.

Farta desta situación, Laleh Osmany comezou a campaña “#WhereIsMyName?” para axudar as mulleres a recuperar o que ela di é o seu “dereito máis básico”: a súa identidade. Para Osmany, e moitas outras mulleres afgás, o nome da nai xunto ao do pai nos documentos de identidade representa o recoñecemento lexítimo da muller na sociedade.

A campaña de Osmany, que lanzou nas redes sociais en 2017, deu os seus froitos en 2020 cando o goberno afgán de Ashraf Ghani asinou unha emenda que recoñecería as nais como iguais aos pais nas tarxetas de identificación.

[máis información](#)



مبادرة **NADIA's**  
نادية **INITIATIVE**

NADIA MURAD  
Nadia 's Initiative  
Irak

**“A miña historia, contada de xeito honesto e práctico, é a mellor arma que teño contra o terrorismo”**

Nadia Murad Basee Taha naceu en 1993 en Kocho, unha pequena cidade situada no norte de Iraq, nunha familia de agricultores pertencentes á minoría étnica relixiosa yazidita xunto cos seus nove irmáns.


Nadia foi nomeada para o Premio Nobel da Paz en 2016 e ese mesmo ano foi nomeada Embaixadora de Boa Vontade das Nacións Unidas pola dignidade dos superviventes da trata de persoas, recibiu o Premio Vaclav Havel de Dereitos Humanos do Consello de Europa e mais o Sakharov á Liberdade de Conciencia. Como activista participa en iniciativas de apoio global e local para concienciar sobre a trata de persoas e os refuxiados. Paralelamente traballa con Yazda, unha organización creada por membros da diáspora yazidita dos Estados Unidos. Nadia foi elixida pola revista Time como unha das 100 persoas máis influentes do ano.

A defensa da comunidade yazidita levouna a fundar a Nadia's Initiative, un programa dedicado a apoiar os superviventes do xenocidio e a trata de persoas, e axudalos a reconstruíren as súas comunidades. A través deste programa Murad comparte a loita de moitos activistas que, coma ela, intentan levar aos criminais do autodenominado Estado Islámico ante a xustiza. Nadia continúa co seu labor como activista impartindo conferencias e asistindo a cerimonia en que se salienta a importancia dunha resposta activa da comunidade internacional a favor das vítimas do Estado Islámico (ISIS).

[máis información](#)



## MOHA GEREHOU SOS Racismo España



### “Son negro e español; España é un país mestizo”

Moha Gerehou naceu en Huesca no ano 1992, máis as súas orixes están en Gambia desde onde emigraron seus pais hai máis de trinta anos. En Madrid formouse como xornalista e entrou en eldiario.es, onde xestiona redes sociais e crea contidos relacionados co racismo e a migración. Leva varios anos activo en SOS Racismo Madrid, onde foi presidente (2016-2018). “Foi entón cando sentín a necesidade de escribir algo que axudase a comprender unha serie de experiencias compartidas por persoas de cor”.

Participou no libro colectivo “Lost in Media: Migrant Perspectives and the Public Sphere”. Ademais, é profesor nos campus das universidades de Siracusa e Stanford de Madrid e é autor dun monólogo sobre a poboación negra que consumimos en películas, series, anuncios e fotografías, e que el desmonta desde o humor, a ironía e a crítica.

Dado que as súas experiencias como xornalista en eldiario.es reafirmaron a súa idea de demostrar que España é máis racista do que lle gusta admitir. “Nos gobernos con ultras hai risco de regresión nas políticas antirracistas. Tamén do feminismo ou dos dereitos do colectivo LGTBI... Con cada crise, estes partidos aproveitan para crear un discurso sinxelo e buscar chivos expiatorios”, explica Gerehou. Por iso defende a unión das loitas: “A loita antifascista ten que incluír todos os grupos que atacan.

[máis información](#)



**LUIS JORGE RIVERA HERRERA**  
 Colación Pro Corredor Ecológi-  
 co del Noreste (CPCNE)  
 Porto Rico

“A posibilidade de que o meu fillo comparta os mesmos sentimentos que eu teño sobre a natureza faime sentir que fixen a miña tarefa aquí na Terra”

Rivera Herrera é un recoñecido activista ambiental que forma parte do liderado da Coalición Pro Corredor Ecológico del Noreste (CPCNE) que promove a protección desta valiosa área de Porto Rico.

Desde a súa temperá concienciación, cando aínda era un neno, Luis implicouse na loita ambiental. Despois de graduarse, traballou en San Juan para a Axencia de Protección Ambiental dos EE. UU. Posteriormente, cofundou unha organización chamada Iniciativa para un Desenvolvemento Sustentable e desde 1999 a súa contribución máis coñecida nos medios e significativa é como activista, xogando un papel clave no liderado da campaña para a conservación do Corredor Ecolóxico do Nordeste.

Rivera Herrera axudou a liderar esta triunfante campaña para o establecemento dunha reserva natural no mencionado corredor ecolóxico portorriqueño, unha zona en que aniña a tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*), que se atopa en perigo de extinción, así como para a protección do patrimonio natural da illa contra proxectos de desenvolvemento que poidan resultar danos. Agora, canda os seus compañeiros, está á fronte dunha campaña de recadación de fondos para axudar o goberno a comprar os terreos privados restantes do corredor. Ademais, lidera a participación cidadá nun plan que busca desenvolver o corredor como destino ecoturístico, o cal xerará financiamento para a restauración e o manexo da fauna, á vez que revitalizará a economía local.

[máis información](#)



**BERTA ZÚÑIGA CÁCERES**  
 Consejo Cívico de Organiza-  
 cións Populares e Indígenas de  
 Honduras (COPINH)  
 Honduras

**“A terra é o espazo onde se materializa a vida”**

Activista social hondureña, que se desempeña como coordinadora xeral do Consejo Cívico de Organizaciones Populares e Indígenas de Honduras (COPINH). É filla da líder social Berta Cáceres, asasinada en 2016.

O COPINH, dedicado á defensa dos dereitos dos indíxenas lencas e á defensa do medio ambiente, sufriu desde a súa creación unha forte persecución, que levou a que a infancia de Zúñiga transcorrese entre as ameazas de morte á familia, a constante situación de perigo e episodios de agresións físicas á súa nai e mais o encarceramento de seu pai. Berta Zúñiga, ao igual que os seus irmáns, formouse en escolas de educación popular, onde recibiu una formación anticapitalista e anti-patriarcal, e incorporouse á actividade política desde moi nova.

Comezou unha campaña en apoio a un proxecto de lei en Estados Unidos para que ese país suspenda o apoio militar a Honduras ata que este demostre que tomou accións contra os asasinatos de activistas de dereitos humanos.

Berta Zúñiga sufriu unha persecución xudicial por parte do Estado, alén de recibir ata 33 ameazas, as máis delas vinculadas con DESA, a empresa que pretendeu impoñer o proxecto hidroeléctrico Agua Zarca. Tamén foi obxecto de campañas de desprestixio desde medios de comunicación nacionais. Estes feitos corresponden a unha acumulación de violencias que teñen como punto álxido este feminicidio territorial.

[máis información](#)



## NEMONTE NENQUIMO

Alianza Ceibo  
Ecuador

**“Non esperen que só os pobos indíxenas defendan a Amazonia; é unha loita de todos”**

Nemonte Nenquimo é unha muller indíxena huaorani (ou waorani) comprometida coa defensa do seu territorio ancestral, a súa cultura e a súa forma de vida na selva amazónica. Comezou sendo a líder cando tiña 23 anos, primeiro á fronte das mulleres huaoranis, liderando 400 mulleres para defender valores importantes de seu territorio. Logo, comezou a visitar pobos onde viven etnias doutras nacionalidades.

Fundou a Alianza Ceibo, unha organización conformada por catro nacionalidades do norte da Amazonia (siona, a'i Kofan, siekopai e waorani) para defender as súas comunidades e a súa selva. Posteriormente, foi elixida presidenta da organización waorani de Pastaza e seguiu coa súa loita. Ademais, liderou o proceso legal que suspendeu a explotación petroleira que ameazaba a súa comunidade. Grazas a esa vitoria foi recoñecida como unha das activistas polos dereitos indíxenas máis importantes do mundo.

Nemonte Nenquimo criouse na comunidade de Nemompare, na Amazonia ecuatoriana. Deixou a súa comunidade para estudar nun colexio misioneiro, pero acabou abandonándoo após decatarse de que estaba a ser obrigada polos misioneiros a desbotar a súa cultura e identidade. Regresou ao territorio huaorani co obxectivo de axudar o seu pobo e comezou a súa traxectoria como activista lingüística e como dirixente xuvenil de mulleres e familias. A seguir, dedicouse ao ensino dos nenos e nenas da súa comunidade.

[máis información](#)





## WENDY BEATRIZ CAISHPAL JACO Ahuachapán Sin Barreras O Salvador

“As persoas con discapacidade estamos a demostrar con feitos que si podemos, que nós unicamente necesitamos a garantía dos nosos dereitos”

Wendy Caishpal é emprendedora, activista, oradora motivacional e portavoz polos dereitos das persoas con discapacidade e sobreviventes de conflitos armados.

É a representante do Salvador no programa do Instituto de Mulleres sobre Liderado e Discapacidade (WILD) dentro da asociación Mobilidade Internacional de Estados Unidos. Tamén é a fundadora e directora do proxecto municipal Ahuachapán Sin Barreras, que promove e protexe os dereitos das persoas con diversidade funcional. Entre as súas intervencións salientan o deseño e a planificación de dous parques locais para garantir que sexan accesibles ás persoas con diversidade funcional, a planificación de eventos en piscinas tendo en conta menores con diversidade funcional, a organización de cursos de formación en lingua de signos ou a entrega de cadeiras de rodas para persoas sen recursos. Así mesmo, ofrece asesoramento legal gratuíto para concienciar as persoas con diversidade funcional sobre os seus dereitos.

Naceu e creceu en Ahuachapán. En marzo de 2004, cando tiña 14 anos, sufriu un ataque por parte de membros dunha banda a raíz do cal comezou a utilizar unha cadeira de rodas. Representou ao Salvador no intercambio mundial de mulleres líderes con discapacidade en Estados Unidos durante o ano 2019 e foi a imaxe da campaña publicitaria de IM en Humanium Metal de Suecia, que busca previr a violencia armada a nivel mundial.

[máis información](#)



## VANESSA NAKATE

Youth for Future Africa / Rise Up  
Uganda

**“Educar e apoderar as mulleres reducirá as emisións de carbono, mellorará a resiliencia ante desastres e creará líderes climáticos para o futuro”**

Vanessa Nakate, de 23 anos, é unha activista contra o cambio climático de Uganda. Fai campañas a nivel internacional para explicar o impacto do cambio climático que xa se está a producir en África. Os seus esforzos céntranse especialmente en sinalar como a crise climática está a agravar a pobreza, os conflitos e a desigualdade de xénero.

Comezou o seu propio movemento climático en Uganda, en xaneiro de 2019, cunha folga en solitario contra a inacción do seu país fronte á crise climática. Ao longo de varios meses foi a única manifestante fóra das portas do Parlamento de Uganda. Finalmente, outros mozos comezaron a responder ás súas chamadas nas redes sociais para axudala e chamar a atención sobre a difícil situación das selvas tropicais no Congo. Nakate fundou Youth for Future Africa (“Mocidade pola África do Futuro”) e o movemento Rise Up (“Érguete”), con sede en África.

En decembro de 2019, Nakate foi unha das poucas activistas xuvenís que falou na reunión da COP25 en España. A comezos de xaneiro de 2020, uniuse a outros 20 mozos activistas climáticos de todo o mundo para publicar unha carta dirixida aos participantes no Foro Económico Mundial, en que pedían ás empresas, bancos e gobernos que deixasen de subsidiar os combustibles fósiles. Quedou no campamento base do Ártico en Davos e, con posterioridade, os delegados uníronse a unha marcha climática o derradeiro día do Foro.

[máis información](#)



## EVARISTE MFAUME

Solidarité des Volontaires pour l'Humanité  
República Democrática do Congo

### “Sentín a chamada da dignidade humana para canalizar esa enerxía e facer algo”

Comezou o seu activismo nun ambiente político moi difícil, polo que se viu desprazado varias veces coa súa esposa e fillos. Mentres estivo no campamento de refuxiados de Nyarugusu en Tanzania, no ano 2005, coñeceu moitas persoas congoleesas que estrañaban un fogar, pero non tiñan un lugar ao que regresar. As persoas agricultoras congoleesas e refuxiadas de Burundi que traballan na granxa de mandioca, encontraron un camiño para se reconstruír a través da finca. Mfaume avogou ante o goberno pola asignación de parcelas de terra baldía no monte para as persoas retornadas, o que levou á creación dos chamados “pobos da paz” en diferentes cidades.

Desde 2006 máis de 19.000 familias regresaron a estes pobos para reconstruír as súas vidas. A partir da súa experiencia, Mfaume cre que a igualdade de acceso á terra, onde as persoas refuxiadas e as poboacións locais poden traballar xuntas, é clave para a paz e a estabilidade.

Por este labor foi o escollido como gañador rexional por África do Premio Nansen para os Refuxiados de ACNUR. Este galardón anual rende homenaxe a persoas que realizaron esforzos extraordinarios para asistir as persoas refuxiadas e desprazadas. No ano 2003, Evariste Mfaume fundou Solidarité des Volontaires pour l'Humanité (Solidariedade de Voluntarios pola Humanidade) na rexión de Kivu Sur, de onde el procede. Unha rexión que sufriu anos de violencia e inestabilidade.

[máis información](#)



## EVELINA CABRERA

Asociación Femenina de Fútbol Argentino  
Argentina

**“O noso xénero e orixe non deberían determinar o noso futuro. É un camiño difícil, mais se loitamos xuntas e unidas, podemos lograr a igualdade”**

Evelina fundou a Asociación Femenina de Fútbol Argentino xunto a outras xogadoras, adestradoras e dirixentes. A Asociación traballa a nivel nacional abarcando a área social, educativa e deportiva das xogadoras de fútbol federadas e non federadas. Formou o primeiro equipo de fútbol cego feminino de Bos Aires e foi recoñecida pola revista The Economist como transformadora social.

Pola súa loita pola igualdade de xénero e social impartiu unha conferencia en Nova York na sede das Nacións Unidas en que se comprometeu a seguir desenvolvendo o seu traballo de inclusión.

Comezou no 2018 a dar fútbol no Penal 47 feminino de Bos Aires co que logrou que o pavillón pasase de ser de mala conduta á de deportistas, o que supuxo que outros centros penais comezasen a replicalo (hoxe exerce de voluntaria noutros dous). Recibiu decenas de distincións e recoñecemento polo seu traballo co deporte nos sectores máis vulnerables da sociedade.

No ano 2021 lanzou o seu segundo libro infantil Juana La Futbolista, tamén foi distinguida por EY, a través do programa “Entrepreneur of the Year Argentina”, como emprendedora social do ano. Na súa calidade de ser unha das primeiras adestradoras de fútbol na Arxentina, publicou unha autobiografía en que detalla a súa loita pola igualdade.

[máis información](#)

CANADA WITHOUT POVERTY  
CANADA SANS PAUVRETÉ

LEILANI FARHA  
Canada Without Poverty  
Canadá



## “A vivenda converteuse na primeira liña de defensa fronte ao coronavirus”

Leilani Farha exerceu, desde maio de 2014 ata abril de 2020, como relatora especial da ONU sobre vivenda adecuada e dereito á non-discriminación neste contexto. Farha tamén é a directora da ONG Canada Without Poverty. Avogada de formación, traballou durante os últimos 20 anos tanto a nivel internacional como nacional na aplicación do dereito a unha vivenda adecuada para os colectivos máis marxinados.

No plano internacional, Farha participou activamente nunha serie de misións en todo o mundo para revisar o estado dos dereitos de vivenda e axudar no desenvolvemento de respostas políticas para a aplicación destes dereitos. Dentro do sistema de dereitos humanos da ONU axudou a liderar a primeira resolución sobre as mulleres e o dereito a unha vivenda adecuada. Tamén realizou numerosas consultorías relacionadas co dereito á vivenda. Compareceu ante diversos organismos de dereitos humanos da ONU para abordar cuestións de dereitos económicos, sociais e culturais; foi membro do Grupo Consultivo de ONU-Hábitat sobre Desafuzamentos Forzosos.

Como dimensión central de todas as súas actividades, traballou amplamente nos dereitos económicos, sociais e culturais das mulleres, xogando un papel fundamental na sensibilización sobre a dimensión de xénero destes dereitos. Tamén foi membro fundador da ESCR-Net, unha rede internacional de organizacións comprometidas cos dereitos económicos, sociais e culturais.

[máis información](#)



# ЗОНА ПРАВА

MARIA ALEKHINA  
Zona Prava  
Rusia

“A inacción de Europa págase con vidas humanas. A xente leva anos morrendo: activistas, feministas, opositores...”

Maria Alekhina (1988) é a cofundadora do grupo punk feminista e activista Pussy Riot, icona do activismo contra Vladimir Putin. Con 24 anos foi condenada a dous de prisión tras unha actuación contra Putin na catedral de Cristo Salvador de Moscova. Agora, con 33 anos, foi condenada a un de arresto domiciliario, despois de convocar nas redes sociais a participación en manifestacións contra a existencia de presos políticos en Rusia, como é o caso de Aleksei Navalni.

En marzo de 2014, Alekhina e Nadya Tolokonnikova fundaron Zona Prava, unha organización que defende os dereitos dos presos en Rusia. Tamén con Nad fundou o medio independente MediaZona para informar da situación de abuso que está a vivir Rusia e que os medios oficiais terxiversan ou directamente ocultan. A través desta iniciativa pretende achegar o xornalismo aos xulgados, un espazo que ata daquela estaba limitado, para botar luz sobre as inxustizas legais. MediaZona tamén recolle protestas e noticias que non chegan á poboación por outros medios, caso da situación en Bielorrusia.

Alekhina recibiu a Lennon Ono Grant for Peace e tamén foi galardoada co Hannah Arendt Prize for Political Thought. É autora de Riot Days (Macmillan, 2017), un ensaio sobre o activismo político na Rusia de Putin.

[máis información](#)



## EMMA GONZÁLEZ

### Never Again MSD

### Estados Unidos



**“Loiten polas súas vidas antes de que sexa o traballo de alguén máis!”**

Emma González (nacida o 11 de novembro de 1999) é unha activista estadounidense defensora do control de armas. En febreiro de 2018, durante o seu último ano de bacharelato, escapou da masacre de Parkland, que tivo lugar no instituto Marjory Stoneman Douglas de Florida, e converteuse así nunha figura comprometida activamente contra a proliferación de armas de fogo nos Estados Unidos.

Foi presidenta da Gay Straight Alliance. En resposta á violencia das armas, ela e outros compañeiros de clase fundaron Never Again MSD, que defende un maior control da propiedade de armas con leis máis fortes e é contraria á influencia política da Asociación Nacional do Rifle nos Estados Unidos.

O 24 de marzo de 2018 Emma González uniuse á Marcha polas Nosas Vidas, unha masiva protesta mundial liderada por Never Again MSD contra a violencia armada: a data elixiuse porque é o día en que unha das vítimas de Parkland, Nicholas Dworet, faría 18 anos. O discurso tamén durou o mesmo tempo que tardou Nikolas Cruz, de 19 anos, en matar cun rifle de asalto a 14 estudantes e 3 profesores. A campaña iniciada polos estudantes de Parkland para esixir leis máis fortes respecto ao acceso dos civís ás armas gañou apoio co paso do tempo. Emma González converteuse nunha das figuras máis representativas como demostra o feito de sumar máis dun millón de seguidores en Twitter en cuestión de semanas.

[máis información](#)




AMIKA GEORGE  
#FreePeriods  
Reino Unido

**“En poucas palabras: se os homes tivesen períodos, o sangrado sería un deporte olímpico e repartiríanse copas mensurais gratis no metro”**

Amika George, nacida no norte de Londres, e unha rapaza que conseguiu mobilizar o goberno arredor da menstruación. Iniciou unha petición ás autoridades do Reino Unido co fin de conseguir financiamento para tampóns e similares para mozas en situación de pobreza. Xuntou máis de 200 000 sinaturas e con 17 anos puxo en marcha unha organización chamada #FreePeriods, ou períodos mensurais gratuítos, non só buscando financiamento, senón tamén tentando deixar atrás o tabú da menstruación na discusión social.

Para George o feito de que non falemos dunha función corporal totalmente natural fai que as mozas teñan vergoña dos seus períodos mensurais, o cal impide que se creen políticas públicas ao respecto. Amika George liderou unha protesta ante a casa do primeiro ministro que xuntou 2000 persoas a se manifestaren vestidas de vermello.

En 2019 o ministro de Facenda do Reino Unido anunciou que o goberno comezará a dar recursos para proporcionar produtos sanitarios ás mulleres novas que non poden pagalos. Amika George non só celebrou o logro, senón que esixiu que a medida inclúa tamén a educación primaria para que ninguén quede excluída da prestación económica. Amika converteuse nunha nova líder no seu país e foi galardoada con diversos premios como o da revista Time ou o da Fundación Bill e Melinda Gates, entre outros.

[máis información](#)





행동하는성소수자인권연대

JEONG YOL  
SLRK  
Corea do Sur



“Agora que alcanzamos unha etapa superior de desenvolvemento, máis persoas están a se esforzar para facer valer os seus dereitos como individuos”

Jeong Yol, nacido o 19 de outubro de 1978, é un activista surcoreano polos dereitos surcoreanos e LGBT.

Participante na fundación do Solidarity for LGTB Human Rights Korea (SLHRK) en 1997, foi un dos seus membros máis activos no seu primeiro lustro de vida. Durante a súa etapa na universidade recoñeceu abertamente que era gay e, máis tarde, mentres cumpría o seu servizo militar obrigatorio en Corea do Sur, presentouse oficialmente como homosexual ante as autoridades militares. Era a primeira vez que isto acontecía en Corea e provocou que o seu comandante o conducise a un hospital psiquiátrico para tratar a súa homosexualidade.

En febreiro de 2003 o goberno surcoreano considerou que a palabra “homosexual” era unha palabra prexudicial para os mozos. Foi entón cando Jeong loitou contra o goberno con Kwak Yi-kyong canda a outros activistas surcoreanos polos dereitos. Finalmente, esta loita tivo resultados e en abril de 2004 en Corea do Sur levantouse a prohibición da devandita palabra. Tras esta vitoria, en 2004 liderou un movemento para a eliminación da discriminación contra a comunidade LGTB e uniuse a diferentes movementos pacíficos que loitaban pola liberdade da xuventude surcoreana. Desde 2006 loita polos dereitos das persoas que viven co VIH.

[máis información](#)



**QUDUS ONIKEKU**  
The QDance Center  
Nixeria

## “As persoas máis globalizadas do mundo son os africanos”

Qudus Onikeku é un bailarín, acróbata, coreógrafo e un dos nomes máis importantes da escena cultural e artística nixeriana, así como un representante dunha nova xeración de creadores africanos. É o director artístico da organización creativa preeminente de Nixeria, The QDanceCenter (Lagos), que opera como unha incubadora creativa que aplica a competencia artística, os recursos humanos, a innovación e a creatividade como capacidades para o desenvolvemento de contidos centrados no ser humano.

Qudus Onikeku participou en grandes exposicións e festivais en 56 países, incluída a Bienal de Venecia, a Bienal de Lyon, o Festival de Avignon, Roma Europa, TED Global, Torino Danza, Kalamata Dance Festival, Dance Umbrella, Bates Dance Festival etc. As súas obras de danza están na colección permanente da National Gallery of Canada. Foi profesor visitante de danza na Universidade de California Davis e mais no Columbia College de Chicago.

Xunto co seu compañeiro Hajarat Alli, funda The QDanceCenter cuxo foco principal será o desenvolvemento de interaccións con tecnoloxías de vangarda que utilizan a intelixencia artificial e a realidade aumentada para documentar, archivar, identificar, analizar, experimentar, recompoñer e compartir tradicións de danza no espazo e tempo, construíndo unha ponte entre a tecnoloxía e as danzas e culturas afro-diaspóricas.

[máis información](#)



## STÉPHANIE BATINONO

### Le Balai Citoyen Burkina Faso



**“Desde París queremos sensibilizar e concienciar a xente para que vote, temos que votar ben, non podemos volver atrás”**

Stéphanie Bationo ten 26 anos e desde pequena estivo en contacto coa política por provir dunha familia militante do panafricanismo e da liberdade. Tanto é así que o seu pai tivo que exiliarse a Francia cando ela tiña 13 anos, pero durante todo este tempo os Bationo non se esqueceron do seu Burkina Faso natal, nome co que Thomas Sankara rebautizou o país e que significa ‘a terra dos homes íntegros’.

Bationo é activista e membro de Le Balai Citoyen (“A vasoira cidadá”), colectivo social que traballa en 28 cidades de Burkina Faso na defensa da cultura democrática e contra o abuso do poder político, cuxo gran referente é o citado Sankara, asasinado en 1987. A organización foi clave en 2014 no derrocamento do ditador Blaise Compaoré ao poder recoller “a frustración do pobo” e comprender que era o momento da “alternancia política” despois de case tres décadas co mesmo líder.

Bationo é tamén unha das fundadoras de Le Balai Citoyen Paris, o primeiro centro no exterior do grupo que nace co obxectivo de internacionalizar os lazos de solidariedade e promover un cambio de conciencia da comunidade burkinense residente en Europa. Como responsable das redes sociais do grupo nos primeiros anos, Stéphanie Bationo converteuse nunha referente en Europa do activismo africano.

[máis información](#)



## BROCK ISAAC MUHAMBYA

### La Lutte pour le Changement (LUCHA)

República Democrática do Congo

“Cambiaron os medos ancestrais pola esixencia e a conciencia, o poder é o pobo e o pobo é o que ten a posibilidade de transmitir o poder”

Brock Isaac Muhambya é un activista dos dereitos civís e avogado cun máster en Dereito Internacional pola Universidade de Louvain-La-Neuve. Desde 2012 partici-pa activamente en La Lutte pour le Changement (LUCHA) (“A loita polo cambio”), un movemento social, civil, non violento da República Democrática do Congo.

Dende os seus inicios este movemento apartidista traballou pola xustiza social e a democracia e loita contra o extractivismo, a represión e a corrupción. Brock Isaac Muhambya estivo presente nel desde a súa fundación e en diferentes ámbitos mais, pola súa formación no ámbito da legalidade, centrouse na defensa dos militantes detidos. Tamén tivo un papel fundamental para chamar a atención internacional sobre a causa do movemento.

A devantida LUCHA, a organización que fundou con compañeiros en 2012 na cidade de Goma, fai unha aposta clara e transparente pola loita pacífica para non contribuír á espiral de violencia na República Democrática do Congo. O movemento xurdiu da “defensa da acción social”, contra a corrupción e o nepotismo da política do seu país. Porén, a represión policial está alimentada por opositores e críticos que pagan con cárcere, ou mesmo coa vida, intentar cambiar a Constitución. Ao longo dos anos, a organización engadiu unha “dimensión política” a estas demandas sociais de mellora do servizo, peroasemade desbota a política e segue sendo o contrape-so aos abusos das autoridades.

[máis información](#)



YAYO HERRERO  
FUHEM  
España

## “O gran reto é xerar diferentes formas comunitarias nunhas culturas absolutamente individuais”

Antropóloga, enxeñeira agrícola, educadora social e unha das principais voces do ecofeminismo. Actualmente é profesora de educación ambiental e desenvolvemento sostible na Cátedra UNESCO UNED.

A súa traxectoria investigadora centrouse en criticar o modelo de desenvolvemento e produción capitalista como unha ameaza para o planeta e a vida, investigación que compaxina co activismo e a colaboración con diversos medios. Foi coordinadora estatal da plataforma Ecoloxistas en Acción e directora da FUHEM. Participou en libros colectivos como *Cambiar las gafas para mirar el mundo* (Libros en Acción, 2011), *La gran encrucijada* (Libros en Acción, 2016) e *Petróleo* (Arcadia, 2018). Tamén é coautora do libro ilustrado *Cambio climático* (Litera, 2019), no que desprenga un relato divulgativo para facer intelixible o actual colapso ecolóxico.

A través das súas palabras o futuro non se ve como un abismo de violencia e de extinción inevitable, unha apocalipse paralizante, senón que, ao mesmo tempo que perfila con realismo as ameazas, propón a existencia de camiños, perspectivas e prácticas para evitar ese destino que nos parece inexorable para a maioría e do que só uns poucos privilexiados poden escapar se se segue a errática folla de ruta do capitalismo depredador.

[máis información](#)



VANDANA SHIVA  
Navdanya  
India

## “Hoxe a revolución comeza na cociña”

É física, activista ambiental e pensadora ecofeminista.

Despois de doutorarse en Ciencias Físicas pola Universidade de Western Ontario, (Canadá), comezou a realizar investigacións en varios centros da India, combinando ciencia, tecnoloxía e política ambiental. En 1981 fundou a Fundación de Investigación para a Política Científica, Tecnolóxica e de Recursos Naturais, unha entidade que desenvolve proxectos ecolóxicos e sociais en colaboración co mundo local e os movementos sociais indios, como o fomento da agricultura ecolóxica, o estudo e mantemento da biodiversidade ou accións para afianzar o compromiso das mulleres co movemento ecoloxista. Un dos primeiros proxectos desta fundación, chamado Navdanya, converteuse nunha ONG que promove a agricultura ecolóxica e defende os dereitos dos agricultores e agricultoras.

Escribiu numerosos libros en que avoga por desenvolver un modelo de agricultura sostible e cambiar o paradigma alimentario. Tamén criticou os custos ecolóxicos, sociais e económicos da globalización; outra das súas áreas de investigación e activismo é a loita contra a privatización das sementes por parte das grandes multinacionais.

En 1993 recibiu o Right Livelihood Award, considerado popularmente como o Premio Nobel alternativo da Paz, e en 2010 foi galardoada co Premio da Paz de Sydney polo seu compromiso coa xustiza social.

[máis información](#)